



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Criminoloxía

Curso Académico: Curso 2019-2020

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Criminoloxía
Mencións/Especialidades	--
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Dereito
Centro/s onde se imparte	Facultade de Dereito
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	--
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2018/2019
Data acreditación ex ante (verificación)	18/04/2018
Data renovación acreditación	--

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudiantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que non contamos todavía con egresados, o título de Graduado en Criminoloxía está a respostar ás expectativas académicas, científicas e profesionais plasmadas na Memoria verificada. O Grao presenta unha gran demanda, con 704 solicitudes de admisión no curso 2019/20 e unha nota de corte de acceso desde o bacharelato de 9.44 (fonte: CIUG). A nota media do alumnado admitido foi de 10.165 (alumnos de bacharelato, fonte: CiUG).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de evaluación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumple a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudiantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- A oferta de materias e asignaturas axústase con carácter xeral ao establecido na memoria verificada.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de evaluación correspondeuse co establecido na memoria, se ben coas adaptacións necesarias á situación de pandemia. As ditas adaptacións fixéronse consonte á normativa aprobada pola Universidade e ás instruccións do Decanato da Facultade de Dereito. Malia a situación de pandemia cumpliuse o obxectivo da consecución das

competencias. Polo que se refire aos tamaños dos grupos, o número de alumnos por grupo de teoría mantense dentro das previsións da Memoria. No caso da docencia práctica nalgúnsas materias presenta unha desviación mínima con respecto ás previsións iniciais (máximo de 25).

- O aseguramento de adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación realizase a través da utilización dos criterios de evaluación que veñen fixados na Memoria verificada do Grao e que cada profesor adoptou na súa guía docente. Para a avaliación da aprendizaxe pódense emplegar os indicadores relativos ás taxas de éxito (98,82%), de rendemento (90,37%) e de avaliación (83,98%), que poden considerarse moi satisfactorios.
- Polo que respecta ao alumnado saínte do Grao, non tivo todavía a oportunidade de participar en programas de movilidade.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarse o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudiantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos de coordinación docente que se teñen arbitrado están a funcionar satisfactoriamente. Levouse a cabo un gran esforzo de coordinación vertical y horizontal, fundamentalmente a través da incorporación dos coordinadores de semestre y do coordinador do Grao. A creación da figura do coordinador de semestre, en particular, supón un instrumento moi valioso na coordinación das asignaturas que tratan temáticas cercanas. Dita figura encárgase de controlar as incidencias que podan xurdir entre as asignaturas do semestre de cada curso, tentando ponderar o número de horas de traballo autónomo que debe desenvolver o alumnado para evitar acumulacións de tarefas nas mesmas semanas. Recibe as queixas ou peticións dos representantes do alumnado, facendo de enlace có coordinador do Grao. As súas xuntanzas có coordinador e có Decanato están a servir para detectar posibles duplicidades en las asignaturas y realizar unha mellor xestión dos contidos o Plano de Estudios. A información sobre as súas función publicase nos taboleiros das aulas, comunicase ós delegados de curso e se informa en clase a todo o alumnado.

Non se trata dun título interuniversitario.

A memoria contempla un sistema de prácticas externas a través do cal se lle recoñecen aos alumnos créditos de natureza obligatoria. Estas prácticas non se

desenvolverán ata no curso académico 2021-2022. As previsións son que se realicen en distintas institucións, administracións públicas e órganos xurisdicionais vincellados ó sistema de xustiza penal.

O título é presencial.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudiantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudios.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudiantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso dos alumnos do Grao en Criminoloxía axústase ao establecido na memoria, tal e como amosan os indicadores relacionados có acceso, a admisión e a matriculación. Consonte ós datos relativos á matrícula de acceso no curso 2019/2020 (IN03G), o 6% dos alumnos proceden da Formación Profesional e o 42% das PAAU, mentres que un moi significativo 34% xa eran titulados. Se trata de datos que casan perfectamente coa recomendación -incluída na Memoria verificada- de que os alumnos contan con formación previa en materias sociais, humanísticas e técnicas. Podemos ver ademáis un perfil moi vocacional, cunha gran porcentaxe de estudiantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez (86%, IN010G). Apréciase ademáis unha boa preparación do alumnado, xa que a porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis foi do 100% (IN07G).

No curso 2019/2020, a nota media de acceso por preinscripción foi do 10.16 (IN06G). A nota de corte foi dun 9.44 (Informe de notas de corte do SUG).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación das distintas normativas axústase á Memoria verificada. Neste punto recórdase que a USC ten establecidas normativas reguladoras da permanencia dos estudiantes, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, etc. En abril de 2019 aprobouse o Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de Graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. O texto do Regulamento atópase na web da Facultade: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/normativa/>.

Anualmente, cada curso apróbanse tamén diferentes resolucións decanais destinadas á ordenación dos procedementos de cambios de grupo ou prácticas externas.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.


Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificaciós.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC, despois da publicación da primeira fase da renovación da web institucional da USC, ten iniciada unha segunda fase de deseño e desenvolvemento das webs de centros. Así, tanto representantes do Gabinete da Reitoría como o Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade mantiveron xuntanzas en febreiro e marzo con representantes de dacnas/os e directoras/os para definir un modelo de deseño e contidos común e avanzar, igualmente, na organización da intranet de centro.

A nova web de Dereito publicarase a comezos do mes de xullo, seguindo o seguinte modelo, con 4 bloques de información.



O apartado Calidade, como se ve na imaxe, ocupa un espazo propio, o que da conta do

seu protagonismo: neste apartado da web de Dereito incluiránse os seguintes aspectos:

2.4. Calidade

2.4.1. Política de calidade

2.4.2. Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Dereito

- Manual de Calidad
- Manual de procesos

2.4.3. Órganos do SGC

- Comisión de Docencia e Calidade
- Responsable de Calidade do Centro
- Comité Consultivo (Composición concreta: actualizar)

2.4.4. Documentación do SGC

2.4.4.1. Planificación e Obxectivos de Calidade

- Plan estratéxico da Facultade de Dereito 2017/2020
- Memorias de Calidade

2.4.4.2. Seguimento dos títulos impartidos no Centro

- Grao en Dereito
- Grao en Criminoloxía
- Máster en Avogacía
- Máster en Estudos Internacionais
- Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e proponer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acuerdo ao establecido.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

3.3.- O SGC implantado revisáse periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establecense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Criminoloxía non se someteu todavía á renovación da súa acreditación, polo que non contamos coa referencia dun Informe Final de Evaluación que liste as accións de mellora de obrigado cumprimento.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudiantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa na impartición do Grao en Criminoloxía conta coa cualificación docente e investigadora esixida, tanto o PDI con vinculación contractual como funcional. Como se mostra na documentación proporcionada, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total con docencia no curso 2019-2020 é do 87,18% (superior ao 60.42% do curso 2018-2019), mentres que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é do 53,85%, mellorando tamén o 41.67% do curso 2018-2019. Nesta liña de valoración da experiencia docente e investigadora, son especialmente salientables os datos de que a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 92,59%.

- O perfil académico dos profesores asignados ao primeiro curso de Grao é perfectamente axeitado, atendendo ás evidencias sinaladas. O perfil é igualmente axeitado nos demais cursos do Grao, dato avalado polo grao de satisfacción coa docencia impartida (4.05 sobre 5, vid. IN47G)
- Non se realizaron todavía prácticas externas curriculares.
- Non se titorizaron todavía TFG.
- Na titulación de Grao en Criminoloxía, a media de alumnos por grupo de docencia expositiva é de 49.03 (IN55G), podendo afirmarse que o profesorado é suficiente para desenvolver a súas funcións e atender aos estudiantes. En consecuencia, as cifras de alumnos manexadas na Memoria referidas a docencia expositiva, interactiva e titorías son, de momento, perfectamente viables.
- A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do Plan de Formación

e Innovación Docente (PFID), oportunidades de formación docente a través da celebración de diversos cursos. Algunos destes están especialmente enfocados a los docentes da Facultade (<http://www.usc.es/es/servizos/pfid/>). Merece destacar a existencia de 13 Grupos de Innovación Docente na propia facultade (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/lisgruinodoc.html>), así como a organización por parte do Vicedecanato de Calidade e Infraestruturas do curso de inglés xurídico no marco do PFID, de grande éxito en todas as convocatorias e que nestes momentos está orientado á consecución dun nivel C1 de acordo co MCR de linguas. Este curso inclúese como acción de mellora de execución continua, sendo asumido o seu financiamento pola propia Facultade de Dereito.

- Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores: http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi_outgoing.html.
- A calidade da docencia e dedicación ao alumnado ven acreditada polo IN46G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, curso académico 2018/2018, avala este dato, ao darse unha valoración media alta (un 4.04 sobre 5).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudiantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O persoal de administración e servizos que desenvolve a súa labor na Facultade de Dereito é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o PDI e estudiantes. Con todo, do mesmo xeito que sucede no caso do PDI, sufrieron recortes nos últimos anos. De acordo coa E-16-*Información sobre ou persoal de apoio*, o Centro conta con 13 PAS, dos que un/unha (o/a xefe/xefa de negociado do Instituto de Criminoloxía) presta servizos exclusivamente ao Grao en Criminoloxía. Destácase a antigüidade no posto e na escala, superior aos 11 anos excepto en tres casos.
- Todo o PAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de PAS que alixeire a excesiva carga de traballo de xestión que na actualidade é asumida polo PDI.

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece oportunidades aos membros do PAS para actualizarse e continuar coa súa formación. Na práctica, tradúcese nos niveis de

participación en cursos recollidos no documento Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación. Especialmente salientable é o alto índice de participación do curso 2019/2020 (83.33%) que representa unha subida moi significativa fronte ó 58.33% do curso inmediatamente anterior, o que demostra o grao de implicación coa formación continua do noso persoal de administración e servizos. Así mesmo, o Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos no curso 2019/2020 revela que a media de satisfacción do PAS do Centro co seu traballo é dun 5.00, no que se destaca o sentimento de pertenza a un grupo de traballo (5.00) e a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (4.00).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudiantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudiantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudio, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudiantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudiantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudiante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudiante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisáse o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudiantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As infraestruturas son satisfactorias, posto que se ampliou o aulario coas novas Aulas 12, 13, 14 e 15. As restantes aulas adaptáronse na medida na que a estrutura do edificio o permitiu, equipándose con tomas de corrente e mellorando a cobertura da rede wifi; Tamén se procedeu a equipar á facultade cunha Sala para Videoconferencias. Instaurouse tamén un servizo de préstamo de ordenadores portátiles para os estudiantes. Máis información sobre as aulas da Facultade atópase na web: http://www.usc.es/gl/centros/dereito/horario_aulas.html
- Existe unha sala de estudio/ lectura con extenso horario de apertura nas épocas próximas á realización de exames e manuais e textos de consulta; aula con computadores; etc. Recentemente tense dotado á Sala de Lectura con puntos de conexión á rede eléctrica, para facilitar a conexión de ordenadores. Con todo, a Sala de lectura precisa dunha reforma integral para aminorar a excesiva calor que se sofre sobre todo nos periodos de avaliación próximos ó verán. O proxecto pasa por poñer aire acondicionado e mellorar o mobiliario existente, con fin de que o alumnado poida desenrolar a actividade de estudio e traballo persoal con maior comodidade. Coa nova situación derivada da pandemia do COVID-19 non está clarificado aínda o momento de comezo da devandita reforma.
- Por outra banda, procedeuse á instalación de ordenadores fixos nas aulas así como á renovación de proxectores e demais equipamento.
- A Facultade de Dereito conta coa Biblioteca Concepción Arenal nas súas proximidades, cunha superficie 7.410 m² na que se pon a disposición dos seus usuarios as seguintes salas: Salas de lectura (3 andares inferiores): 1.030 postos de lectura; Sala de Traballo en grupo con 30 postos; 2 Salas de Formación con 60 postos; Salas de Investigación (2 andares superiores): 75 postos individualizados; Depósito: Con fondo antigo (obras desde o século XVI).
- En canto ao equipamento do que tamén dispoñen os alumnos de Criminoloxía, sinálase o seguinte
 - Nº de Escáner : 1
 - Nº de PCs para consulta do catálogo da BUSC: 7
 - Nº de PCs para consulta de bases de datos e Internet: 2
 - Nº de portátiles en préstamo: 11
 - Nº de Fotocopiadoras: 3
 - Nº de Lector-reprodutor de microformas: 2
- A Biblioteca “Concepción Arenal” -que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC)- reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento xurídica e criminolóxica (vide Inf.2. Informe sobre recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria). Os fondos bibliográficos están diferenciados en libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente,

e libros de investigación. Na Sala de Lectura dos tres andares inferiores da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos estudiantes, en libre acceso. O resto do fondo bibliográfico está situado nos dous andares superiores, onde se atopan as obras de investigación, tamén en libre acceso, agás o fondo antigo (anterior a 1940). Na Hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos computadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 176.890 volumes de monografías e 5.134 títulos de revistas en papel das cales 523 recíbense periodicamente (dic. 2014). A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), permite o acceso desde a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas. Como no resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, ofértanselle aos seus usuarios servizos de consulta en sala, préstamo a domicilio, intercampus e interbibliotecario, fotodocumentación, acceso á colección electrónica, información bibliográfica e formación de usuarios no uso e aproveitamento dos recursos documentais e do propio servizo bibliotecario.

- A través da páxina web da biblioteca (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>) ofrécese ampla información sobre a BUSC e pódese acceder ao catálogo automatizado, repositorio *Minerva*, préstamo de libros electrónicos *PreLo*, coleccións dixitais e outros servizos vía web. Desde hai varios anos, a Biblioteca Concepción Arenal (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/conarenal/>) está presente ademais nas redes sociais a través do blogue *Fonte Limpa*, Facebook, Google+, Issuu, Pinterest o Flickr.
- No capítulo de persoal, a biblioteca conta cun cadro de persoal integrado por 18 persoas, que se ocupan de que os usuarios reciban a atención e os recursos que precisan. O horario de apertura habitual é de luns a venres, de 8.30 h a 21.30 h, e de 10 a 19.30 en sábados, domingos e festivos de todo o ano. Ademais, en datas de exames, a Biblioteca Concepción Arenal oferta un horario extraordinario ata as 3.00 h, e de 24 horas, incluídos os sábados, domingos e festivos.
- O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudiante familiarizarse coa rica producción científica tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental nas seguintes materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grao en Criminoloxía, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC: ofrece formación presencial e online en Competencias Informacionais en tres niveis: básico (alumnado de primeiros cursos), avanzado (orientada ao TFG e TFM), e experto (dirixido a doutoramento e PDI).
- A Biblioteca xoga un papel fundamental na difusión e valoración da investigación do PDI da Facultade co mantemento ao día da sua producción científica, tanto monografías coma artículos, capítulos de libro e teses de doutoramento no catálogo da Biblioteca, en Dialnet, e nos seus rexistro persoais de ORCID. Asimesmo fai unha apostase decidida pola difusión da ciencia en aberto co mantemento do repositorio da

USC MINERVA con esa producción científica en os TFGs e TFM s mellor cualificados.

- A biblioteca conta con rede wifi en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.
- A consecuencia da nova situación derivada do COVID-19 a Facultade de Dereito subscribeu, ata o mes de setembro, o acceso ao texto completo de todos os libros que a editorial Tirant on line ten na sua Biblioteca Virtual, e que inclue moitos dos manuais das bibliografías recomendadas o acceso é a través do enlace que hai na compilación de recursos ReBUSCa da Biblioteca a través do enlace é:
<https://busconline.gal/recursos/?wpvmateria=dereito>
- A Universidade de Santiago de Compostela conta cunha extensa rede inalámbrica que da cobertura á totalidade dos edificios dos Campus de Santiago de Compostela e Lugo. Esta rede está constituída por máis de 800 puntos de acceso en máis de 100 edificios, configurando unha das redes inalámbrica más extensas de Galicia. Proporciona servizos como EDUROAM (para PDI, PAS e Alumnos), tanto dentro da USC así como os membros doutras universidades europeas que estean adheridos á iniciativa eduroam.
- Ademais, é posible acceder aos recursos electrónicos que ofrece a BUSC desde fóra do domino USC é a través do servizo de proxy autenticado da USC. Este servizo é só para usuarios autorizados: PDI, PAS e Investigadores. Nas propias instalacións da Facultade sitúase o Centro de Estudos e Documentación Europea (<http://www.usc.es/es/servizos/cede/>), centro de xestión de coñecemento ao servizo da comunidade universitaria, que tamén forma parte da Red Europe Direct. No caso dos recursos bibliográficos postos a disposición de PDI e Alumnado para fazer fronte á nova situación derivada da pandemia, non é necesario o proxy, de xeito que o alumnado tamén pode acceder.
- Tal e como se sinalaba na Memoria, tanto o edificio da Facultade de Dereito como o da Biblioteca Universitaria “Concepción Arenal” áchanse plenamente adaptados ás necesidades das persoas con problemas de mobilidade, dispoñendo de accesos practicables para as mesmas a todos os seus espazos. Incorporouse un desfibrilador en cada centro (uso por persoal debidamente formado dos dous centros) e a finais de decembro de 2015 procedeuse á instalación de portas automáticas que melloran non só a accesibilidade senón tamén a eficiencia enerxética do edificio (teña en conta que a Facultade participa activamente no Plan de Desenvolvemento Sostible da USC (<http://www.usc.es/plands/>)). Existen puntos verdes e de reciclaxe nas instalacións. En aras dessa eficiencia enerxética, nestes momentos, a Biblioteca está cambiando gran parte da súa instalación lumínica, por pantallas de tipo LED, dada a amplitude horaria que mantén o Servizo.
- Tal e como se xustificou, os fondos bibliográficos e demais recursos docentes son suficientes e están debidamente actualizados. A nova situación derivada da pandemia obligou á Biblioteca Concepción Arenal a habilitar, nos seus orzamentos, unha partida para mercar libros electrónicos que poidan axudar ao estudo neste tempo de docencia virtual, sobre todo ó sector do alumnado.

- Ademais, a subscrición a bases de datos de lexislación e xurisprudencia, garanten a actualidade e accesibilidade de información relevante aos nosos alumnos, PDI e PAS. A nova situación derivada da pandemia do COVID-19 levou a eliminar a obriga de acceso proxy a estas bases de datos.
- Por último, existe a ferramenta do Campus Virtual, ferramenta que da soporte aos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela. A plataforma institucional, baseada en Moodle, proporciona unha contorna educativa virtual a través do cal se logra unha boa integración na docencia e favorécese o proceso de aprendizaxe (<https://cv.usc.es/>). A nova situación derivada da pandemia, obligou tamén a facer melloras na contorna de ensinanza aprendizaxe virtual, aumentando a súa capacidade, mellorando a formación do profesorado no seu emprego (tanto no que fai referencia á docencia como á avaliación) e a activar outras opcións de docencia interactiva como pode ser Microsoft Teams.
- Nos últimos anos, e a pesar da conxuntura económica desfavorable, acometéronse obras de adaptación e mellora das instalacións, en ocasións financiadas a través de accións de mellora da propia Universidade e noutras, a través da captación de recursos externos por parte do centro. En concreto:
 - 1º. Reforma das aulas 12, 13, 14 e 15, co fin de habilitar mais espazos de docencia interactiva (para grupos pequenos).
 - 2º. Substitución de moquetas por tarimas nos despachos do profesorado. Esta era unha exixencia do Servizo de prevención de riscos.
 - 3º. Reforma dos aseos do alumnado da planta baixa; en concreto, nalgún deles, para mellorar a accesibilidade de alumnado con mobilidade reducida.
 - 4º. Instalación de 7 fontes de auga fría nos corredores da Facultade.
 - 5º. Adquisición de sillas ergonómicas para o profesorado, seguindo tamén as indicacións do Servizo de prevención de riscos.
 - 6º. Instalación de 15 báculos e luminarias para o exterior da Facultade, demandada tanto por profesorado como polo alumnado da facultade.
 - 7º. Adquisición de mobiliario para a aula 18: proxecto piloto con postos móbiles que converten a aula en polivalente (útil tanto para docencia interactiva como expositiva).
- O Centro carece de servizos propios de orientación académica e orientación profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola propia Universidade de Santiago de Compostela a través de distintas oficinas tales como a OIU (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>), sen prexuízo de que desde o Decanato da Facultade e desde a Conserxería aténdanse a certas demandas de información por parte dos alumnos. É relativamente frecuente que os alumnos acudan a profesores/tutores/ coordinadores en procura de orientación non só académica, senón tamén profesional, polo que no Plan estratéxico 2017/2020 téñense contemplado actuacións ao respecto (creación dun programa de orientación para estudiantes de novo ingreso e un programa *mentoring* con tutores académicos da Facultade – vid Liña estratéxica 1)

do PE 2017/2020).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudiantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades académicas desenvólvense seguindo os distintos períodos previstos na programación académica anual da Universidade de Santiago de Compostela (PDA, POD, calendarios de clases e exames, etc).

As actividades de ensino/aprendizaxe e de avaliación apóianse en boa medida no Campus Virtual da USC, que, xestionado polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) da Universidade, ofrece recursos docentes en internet e un soporte para cursos virtuais que veñen utilizando, con carácter cada vez más xeneralizado, como recurso de apoio para a docencia (vid supra o disposto en materia de recursos materiais e servizos - Criterio 5). Como xa dixemos, a nova situación derivada da pandemia, ten situado a estas ferramentas de docencia virtual no centro da actividade actual de docencia, e mesmo de avaliación. Á ferramenta Moodle (campus virtual) únense outras como pode ser o Microsoft Teams.

Con carácter xeral, as guías docentes, elaboradas anualmente polos profesores para cada unha das materias, son as encargadas de establecer os obxectivos, contidos da materia (programas debidamente actualizados), competencias a adquirir, metodoloxía, bibliografía recomendada, recomendacións para o estudio da materia así como o sistema de avaliación e a valoración de cada unha das actividades realizadas polo estudiante, para outorgar a cualificación final. Esta información recóllese na web de modo individualizado para cada materia.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se puxo de manifesto ao comezo deste Informe, a demanda da titulación de Graduado en Criminoloxía é moi alta, con 968 solicitudes de admisión no curso 2018/19, cunha nota de corte de acceso desde o bacharelato de 9.07 (fonte: CIUG).

A porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación teñen nota media igual ou superior a 6 no 100% dos casos.

A interese da titulación circunscribese na meirande parte ao mercado galego (44 estudiantes dun total de 45 na cota xeral: un 97,77%), afirmación confirmada polos datos de que so un dos estudiantes do Grao en Criminoloxía é estranxeiro (2,23% do total).

Analizaremos agora os resultados de aprendizaxe do GRAO EN CRIMINOLOXÍA:

Polo que respecta á **TAXA DE ÉXITO** (relación créditos superados dos presentados), no curso 2018/2019 a materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 100%; G3191102 - Fundamentos de informática un 89,80%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 100%; G3191104 – Introducción á socioloxía un 100%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 86,96%; G3191106 – Economía da actividade delitiva un 95,74%; G3191107 – Introducción á criminoloxía un 91,67%; G3191108 – Introducción á psicoloxía un 97,83%; G3191109 – Introducción ao derecho público e ao sistema de xustiza penal un 87,23% e G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 94%. Sendo o global da taxa de éxito dun 95,77% IN35G.

Polo que respecta á **TAXA DE RENDIMENTO** (relación entre créditos superados e os créditos matriculados), no curso 2018/2019 a materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 100%; G3191102 - Fundamentos de informática un 88%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 96%; G3191104 – Introducción á socioloxía un 100%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 80%; G3191106 – Economía da actividade delitiva un 90%; G3191107 – Introducción á criminoloxía un 88%; G3191108 – Introducción á psicoloxía un 93,75%; G3191109 – Introducción ao derecho público e ao sistema de xustiza penal un 82% e G3191110 –

Investigación científica en criminoloxía un 94%. Sendo o global da taxa de rendemento dun 86,19% IN34G.

Polo que respecta á **TAXA DE AVALIACIÓN** no curso 2018/2019 a materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 100%; G3191102 - Fundamentos de informática un 98%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 96%; G3191104 – Introducción á socioloxía un 100%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 92%; G3191106 – Economía da actividade delitiva un 94%; G3191107 – Introdución á criminoloxía un 96%; G3191108 – Introdución á psicoloxía un 95,83%; G3191109 – Introdución ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 94% e G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 100%. Sendo o global da taxa de avaliación dun 90% IN36G.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudiantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Da información facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, os índices de satisfacción dos estudiantes, do profesorado e dos integrantes dos demás grupos de interese, son axeitados á titulación.

1. SATISFACIÓN DO ESTUDANTADO:

* Os estudiantes do Grao en Criminoloxía mostran un alto grao de satisfacción coa docencia recibida, sendo esta dun 3.88 sobre 5.0 IN46G. Sendo realizada a enquisa polo 59,22% dos estudiantes IN48G. A millor valoración recae sobre o cumprimento co programa e o plan de traballo previsto (4.24) e a pior valoración recae sobre a utilidade do material de apoio para a preparación da materia (3.58)

* O alumnado do Grao en Criminoloxía quéixase en comentarios da escasa docencia práctica. Ó respecto é preciso ter en conta que a docencia expositiva mestúrase ó longo do curso con docencia interactiva, práctica para o alumnado.

2. SATISFACIÓN DO PDI:

Neste apartado debemos salientar o elevado índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida: un 4.33 sobre 5.0, no Grao en Criminoloxía IN47G.

Por outra banda, precisa dunha reflexión a baixa porcentaxe de PDI interesado en realizar as enquisas en relación coa docencia impartida, xa que soi participou un 25.58%. Debe salientarse que a nota máis baixa ten que ver coa coordinación entre as distintas materias do título que recibe unha puntuación de soamente 3.77, fronte a máxima nota acadada correspondente a o mantemento dun trato correcto cos estudiantes que é de 4.85. Por outra banda a nota de satisfacción xeral co curso é dun 4.62 sobre 5.

3. SATISFACIÓN DO PAS:

No caso do PAS, a participación nos programas de formación é dun 58,33% no curso

2018/2019 e a satisfacción media do PAS coas actividades formativas é dun 7.84 sobre 10. Asemade, a satisfacción xeral do PAS co seu traballo é dun 3.78 sobre 5.

- En síntese, todos estes indicadores e informes facilitánnos unha visión panorámica de indubidable interese. Estes son valorados en aras da consecución da mellora e revisión do noso plan de estudos.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo que se refire á inserción laboral dos Graduados e Graduadas en Criminoloxía hai que salientar que non existe cohorte de egresados, habida conta que o curso 2018/2019 foi o primeiro ano de implantación do Grao en Criminoloxía.

3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterio s	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web
1,7	I1	Número de estudiantes de novo ingreso por curso académico	2503038_P.Ind_2018-2019
			2503038_INF.16_2018-2019
			2503038_INF.CiUG_2018-2019
1	I2	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudiantes que participan en programas de	2503038_P.Ind_2018-2019

		mobilidade sobre o total de estudiantes matriculados)	
2	E6	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida “Información mínima pública**”)	Web da USC Web do Centro Web do Título
3	E7	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E8	Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC(procedimentos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudiante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E9	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I3	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2503038_P.Ind_2018-2019
			2503038_INF.13_2018-2019
			2503038_INF.14_2018-2019

			2503038_INF.23_2018-2019 2503038_Informe_de_indicadores_2018-2019
3	I4	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2503038_P.Ind_2018-2019
			2503038_Informe_de_indicadores_2018-2019
4	E1 0	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2503038_E15_2018-2019
4	E1 1	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5025_E16_2018-2019
4	E1 2	Análise das enquisas de avaliação da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I5	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5025_I6-I7_2018-2019
4	I6	Resultados das enquisas de avaliação da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2503038_INF.13_2018-2019
			2503038_INF.14_2018-2019
5	E1 3	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E1 4	Información sobre servicios de orientación académica e	Web do Centro

		programas de acollida	
5	E1 5	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E1 6	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2503038_INF.15_2018-2019
6	E1 7	Mecanismos utilizados para a análise adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
6,7	I7	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimiento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2503038_P.Ind_2018-2019 2503038_INF.17_2018-2019 2503038_INF.18_2018-2019 2503038_INF.19_2018-2019 2503038_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I8	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2503038_P.Ind_2018-2019 2503038_INF.CiUG_2018-2019 2503038_Informe_de_indicadores_2018-2019
1,4,5	I9	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2503038_P.Ind_2018-2019 2503038_Informe_de_indicadores_2018-2019

ACCIÓN DE MELLORA

Habida conta de que o curso 2018/2019 foi o primeiro ano de implantación do Grao en Criminoloxía non se rexistraron accións de mellora.